



**PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 18-10-2021, ditou a resolución con número 2798/2021 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Nomeamento do tribunal cualificador, data e lugar de celebración do proceso de selección do do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA" (2021/E001/000012).

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 2680/2021 de 06 de outubro de 2021 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para a selección do personal directivo, docente e de apoio do Obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA" coas seguintes categorías profesionais:

- Director/a (xornada completa)
- Mestre da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama sanitaria) (xornada completa)
- Mestre da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama psicosocial) (xornada completa)
- Mestre/a titor/a para a impartición dos módulos de Educación básica, Orientación e información profesional, formación empresarial e asesoramento e os módulos de formación complementaria (media xornada)
- Auxiliar administrativo/a (media xornada).

Segundo.- O prazo de presentación de instancias era de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio foi publicado no BOP núm 194 de 11/10/2021. Polo que o prazo indicado remata o 22/10/2021.

Terceiro.- A base cuarta establece:

"4.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de cinco días hábiles contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 69 da Lei 39/2015. A presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Carballo, pode ser comunicada mediante telefax (981 702858) ou e-mail (xestiondepersoal@carballo.gal) durante o mesmo prazo.

4.2.- Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da celebración da entrevista, que se realizará con carácter previo á valoración dos méritos.

4.3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación. "

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Designar o tribunal cualificador previsto na base 4ª da convocatoria, que estará composto polos membros seguintes:

Presidente:

- Titular: D. **Juan José Lorenzo Pose**. Servizo de Formación e Emprego. Concello de Carballo.
- Suplente: D. **José Facal Fariña**. Servizo proxectos e obras, OTM. Concello de Carballo.

Vocais:

- Titular: D^a. **Milagros Antelo Camean**. Técnica de Orientación Laboral, Servizo de Formación e Emprego. Concello de Carballo.
- Suplente: D^a. **Paula Lema Pena**. Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Carballo.

- Titular: D^a **Ana Hoyuelos Bolón**. Servizos Sociais. Concello de Carballo.
- Suplente: D^a **Mar Barca Gómez**. Servizos Sociais. Concello de Carballo.

- Titular: D. **Francisco Javier Sanjurjo Silvarredonda**. Técnico de Orientación laboral. Concello de Carballo.
- Suplente: D^a. **M^a Dolores Serrano Bolón** Técnica de Oientación Laboral. Concello de Carballo.

Secretario/a:

- Titular: **Vítor Recarei Añón** (administrativa do Concello de Carballo)
- Suplente: **M^a Luz Fernández Sandá** (administrativa do Concello Carballo)

Os membros do Tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Segundo.- Convocar no **auditorio do Fórum de Carballo** a tódolos membros do tribunal

- para a realización da fase de entrevista establecida na base 6^a.2 que se celebrará o **luns día 25/10/2021 ás 09:00 h.**
- e para a fase de **concurso** establecida na base 6^a.3 que se celebrará o **o mércores 27/10/2021** na hora que determine o propio tribunal.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

José Villán Fuertes

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes